


# EFEGA instrúe a vixiantes de seguridade no manexo de desfibriladores

Unha veintena de traballadores reciben o curso oficial para a utilización de desfibriladores semiautomáticos promovido pola Confederación Intersindical Galega.



*Alumnos empregando un desfibrilador durante unha clase práctica*

14/22/2010 Dende que o Consello de Ministros aprobara en marzo do 2009 un Real Decreto para regular o uso de Desfibriladores Semiautomáticos en lugares públicos, as Comunidades Autónomas están a promover a súa instalación onde poida haber gran afluencia de persoas. Cada vez é máis habitual ver estes dispositivos en aeroportos, estadios, concellos ou centros comerciais.

Debido a temporalidade na contratación de persoal propio dos centros comerciais, é cada vez máis habitual que se requira o servizo de vixiantes de seguridade preparados para o manexo de Desfibriladores Semiautomáticos. Por iso EFEGA - Educación e Formación en Emerxencias de Galicia, ofrece a posibilidade de formarse nun só día e obter o Curso Oficial de Desfibrilación Semiautomática.

Conscientes deste problema e atendendo á demanda de formación en primeiros auxilios e o manexo de desfibriladores, a Confederación Intersindical Galega - CIG, encargou a EFEGA a formación dunha veintena de traballadores do sector da seguridade privada.

O obxectivo deste curso é conseguir que o alumnado adquira as competencias recollidas no Decreto 251/2000 onde se faculta ao persoal non médico para a utilización do DESA e a súa posterior inscrición no catálogo de persoas autorizadas para a súa utilización.

Os interesados en recibir formación poden informarse a través da páxina web [www.efega.eu](http://www.efega.eu) ou no enderezo de correo [info@efega.eu](mailto:info@efega.eu).